

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPONSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPONSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPONSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPONSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Atendendo ao disposto no artigo 4.1 da Lei de saúde de Galicia, o dereito á protección da saúde e á atención sanitaria con cargo a fondos públicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e de cobertura universal garantízase a:

- A) Todas as persoas que residan nos concellos da comunidade autónoma galega.
- B) Todas as persoas que teñan a veciñanza xudicial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- C) Todas as persoas, con independencia do seu lugar de orixe ou residencia
- D) Todas as persoas que teñan a condición política de español.

2. De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, de 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, ten a consideración de fonte de acceso público:

- A) O censo electoral.
- B) O padrón municipal.
- C) O censo promocional.
- D) O censo nacional.

3. Natureza das estruturas organizativas de xestión integrada. Sinale o enunciado correcto:

- A) Instrumentos de organización, con personalidade xurídica, que configuran os órganos periféricos que xestionan o Sistema Público de Saúde de Galicia.
- B) Instrumentos de organización, sen personalidade xurídica, que configuran os órganos periféricos que xestionan o Sistema Público de Saúde de Galicia.
- C) Instrumentos de execución, con personalidade xurídica, que configuran os órganos periféricos que xestionan o Sistema Público de Saúde de Galicia.
- D) Instrumentos de organización, con personalidade xurídica, que configuran os órganos centrais que xestionan o Sistema Público de Saúde de Galicia.

4. Cal dos seguintes dereitos pode ser suspendido no estado de Alarma, segundo a actual Constitución española?

- A) Dereito á folga.
- B) Dereito á sindicación.
- C) Dereito de reunión.
- D) Ningunha é correcta.

5. Segundo a Lei xeneral de sanidade, quen son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria?

- A) Trátase dun dereito universal.
- B) Unicamente os cidadáns españois.
- C) Dependerá da lexislación de desenvolvemento de cada unha das comunidades autónomas.
- D) Todos os españois e os cidadáns extranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.

6. Segundo a Lei galega 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, cando o médico traballe por conta e baixo a dependencia dunha institución sanitaria, quen será o propietario dunha historia clínica?

- A) O paciente, ao tratarse de datos de carácter persoal relativos á súa saúde.
- B) O médico que realiza a atención sanitaria.
- C) A Administración sanitaria ou entidade titular do centro sanitario.
- D) O paciente xunto co médico que realiza a atención sanitaria.

7. Segundo o artigo 3 do Estatuto de autonomía de Galicia é imprescindible para poder gozar da condición política de galego:

- A) Residir en Galicia.
- B) Ter a veciñanza xudicial en calquera dos municipios de Galicia.
- C) Ser cidadán español.
- D) Cumprir os requisitos contemplados nas leis galegas que ao efecto se diten.

8. Cal das seguintes condutas, segundo o Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, non terá a consideración de falta leve?

- A) O descoido no cumprimento das disposicións expresas sobre seguridade e saúde.
- B) O descoido ou negligencia no cumprimento das súas funcións cando non afecte aos servizos de saúde, Administración ou usuarios.
- C) A falta de obediencia debida aos superiores.
- D) O encubrimento, consentimento ou cooperación con calquera acto á comisión de faltas graves.

9. Segundo o artigo 8 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o órgano científico técnico especializado da Administración Xeral do Estado, é o:

- A) Instituto Nacional de Protección Laboral.
- B) Instituto Nacional de Prevención de Riscos.
- C) Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

10. A quen vincula as convocatorias de selección e as súas bases?

- A) Á administración convocante a aos tribunais encargados de xulgar as probas, exclusivamente.
- B) Á Administración, aos tribunais encargados de xulgar as probas e a quen participe nelas.
- C) En ningún caso as bases vinculan á Administración. Só a vincula a convocatoria de selección.
- D) Exclusivamente aos aspirantes que participen nas probas de selección.

Preguntas de reserva

1. Actualmente, cantas estruturas organizativas de xestión integrada existen en Galicia?

- A) Seis.
- B) Once.
- C) Sete.
- D) Oito.

2. De conformidade co artigo 31.8 do Estatuto marco, de acordo con que criterios actuarán os órganos de selección?

- A) Obxectividade, imparcialidade, axilidade e eficacia.
- B) Obxectividade, parcialidade, axilidade e eficacia.
- C) Obxectividade, imparcialidade, axilidade e eficiencia.
- D) Obxectividade, imparcialidade, rixidez e eficacia.

